

MATERIAS PENDENTES DA ESO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

SISTEMA DE AVALIACIÓN

1.- PROBAS / ACTIVIDADES PARCIAIS	
PORCENTAXE	INSTRUMENTO
· 80% da cualificación	· Probas fixadas polo profesorado
· 20% da cualificación	· Cadernos de actividades entregados nas datas nas que teñan lugar as probas sinaladas no punto anterior
2.- PROBA FINAL (NO CASO DE NON SUPERAR A MATERIA CO SISTEMA ANTERIOR)	
· 80% da cualificación	· Proba final fixada en calendario oficial pola Xefatura de Estudos
· 20% da cualificación	· Cadernos de actividades entregados na data na que teñan lugar a proba final sinalada no punto anterior.
ASPECTOS RELEVANTES: O alumnado con materias pertencentes ao Departamento de Xeografía e Historia pendentes de cursos anteriores serán avaliados mediante unhas probas escritas parciais que suporán o 80% da calificación, dependendo o 20% da calificación restante da entrega en prazo, forma e de xeito correcto dos cadernos de actividades orientados ao reforzo de contidos das materias. De non superar a materia pendente terá lugar unha proba final referida ao conxunto de contidos entregados no caderno de actividades e que suporá o 80% da nota no caso de presentar os devanditos cadernos e o 100% en caso de non facelo.	

CONTIDOS A AVALIAR

Os contidos a avaliar serán os mínimos referidos á materia impartida no curso anterior::

Para 1º da E.S.O.:

- 1º Parcial. Contidos de Xeografía: localización, fusos horarios, cartografía, xeografía física
- 2º Parcial. Contidos de Historia: Prehistoria e Historia Antiga

Para 2º da E.S.O.:

- 1º Parcial. A Alta Idade Media: Fragmentación do mundo antigo (Reinos xermánicos e Imperio Bizantino), o Islam e Al-Andalus, a Europa feudal, a orixe dos primeiros reinos peninsulares e o Románico
- 2º Parcial. Plena e Baixa Idade Media: as cidades da Europa medieval, os reinos peninsulares nos séculos XIII-XV e a arte gótica

Para 3º da E.S.O. :

- 1º Parcial. Temas de Historia (Historia Moderna).
- 2º Parcial. Temas de Xeografía.

MÍNIMOS ESIXIBLES

OBXECTIVOS E MÍNIMOS ESIXIBLES

PENDENTES DE 1º DA E.S.O.

OBXECTIVOS

Coñecer as coordenadas xeográficas e empregalas para a localización dun lugar do noso planeta.

Descibir o medio físico europeo.

Situar no mapa de Europa as principais unidades do relevo continental, as grandes illas e arquipélagos, os ríos e os mares.

Coñecer, describir e situar no mapa, os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.

Coñecer os principais espazos naturais de Europa.

Manexar diferentes representacións cartográficas e as súas escalas.

Localizar no mapamundi, as principais unidades do relevo mundial, os grandes ríos e os océanos e mares.

Localizar no globo terráqueo, as grandes zonas climáticas e identificar as súas características.

Analizar a acción do ser humano sobre o medio e as súas consecuencias.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA APROBAR

Presenta os escritos con corrección formal (letra lexible, marxes, sangrías, etc.), gramatical, léxica e ortográfica.

Identifica continentes, océanos, unidades de relevo, ríos, mares... máis salientables do Planeta.

Identifica os grandes ríos, mares e relevos de Europa.

Identifica os Estados e capitais europeas.

Identifica os ríos e relevos peninsulares, así como as Comunidades Autónomas coas súas

capitais e as provincias de España.

Cofece e manexa un mínimo de vocabulario xeográfico (río, cordilleira, océano, arquipélago, fuso horario, solsticio...)

Interpreta e sabe representar gráficos usuais da Xeografía (gráficos liñais, de sectores, de barras.. e climogramas).

Cofece os movementos da Terra, a súa duración e consecuencias.

Aplica os fusos horarios e calcula a hora dun lugar sabendo a súa lonxitude (ou ó revés).

Localiza un lugar segundo as coordenadas xeográficas ou dá as coordenadas xeográficas dun lugar da Terra.

Cofece os trazos das grandes áreas bioclimáticas do Planeta e en especial as de Europa.

Calcula a temperatura media, as precipitacións totais, a amplitude térmica dun clima e deduce o tipo de clima polas características termopluviométricas que presenta.

PENDENTES DE 2º DA E.S.O.

OBXECTIVOS:

Destacar a transcendencia da ruptura da unidade do mundo mediterráneo e a configuración de tres modelos de civilización distintos: Bizancio, o Islam e a Cristiandade latina.

Identificar e describir os aspectos socioeconómicos, políticos, ideolóxicos, culturais e artísticos da Europa feudal.

Recoñecer as obras artísticas máis salientables da arte bizantina, da islámica, do prerrománico hispano e do Románico, distinguir as características básicas deste estilos e valorar a súa aportación á arte.

Cofecer os principais trazos políticos, económicos, sociais, relixiosas, culturais e artísticos que caracterizan á Alta Idade Media nos reinos peninsulares.

Distinguir e situar no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que se sucederon ou coexistiron na Península Ibérica durante a Alta Idade Media.

Percibir a transcendencia dos aspectos culturais da Alta Idade Media e a súa contribución á riqueza do noso patrimonio histórico-artístico.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA APROBAR

Exprésase por escrito con corrección formal (caligrafía clara, marxes, sangrados...), gramatical, léxica e ortográfica.

Coñece e manexa un vocabulario básico de Historia: vasalo, señor, servo, feudo, gremio....

Localiza as Comunidades Autónomas e coñece as capitais correspondentes.

Identifica as provincias españolas.

Sitúa os principais ríos e relevos da Península Ibérica e de Europa.

Interpreta e comenta mapas temáticos, históricos ou gráficos.

Extrae información dun texto histórico e relaciona o contidos cos coñecementos sobre o tema.

Coñece basicamente o Imperio Bizantino e o Imperio Carolinxio.

Coñece os trazos máis salientables da civilización islámica e da historia de Al-Andalus.

Coñece as características básicas do feudalismo.

Coñece as características básicas da Idade Media, diferenciando entre alta, plena e baixa Idade Media

Coñece a evolución política, económica, social e cultural dos diferentes reinos asentados na Península Ibérica ó longo da Alta Idade Media

Establece eixes cronolóxicos básicos ou ordena cronoloxicamente un feitos históricos.

Sitúa no espazo e no tempo os feitos máis destacables da Alta Idade Media.

Comprende as causas e consecuencias dos feitos máis salientables da Alta Idade Media..

Relaciona os grandes personaxes históricos da Alta Idade Media co período e/ou feito histórico correspondente.

Identifica e describe as características fundamentais da arte románica. E recoñece as obras máis representativas da arte bizantina, islámica, prerrománica e románica.

PENDENTES DE 3º DA E.S.O.

OBXECTIVOS:

Coñecer as causas e consecuencias dos descubrimentos xeográficos da Idade Moderna.

Coñecer os conflitos relixiosos cristiás do século XVI: a reforma protestante e a contrarreforma católica.

Entender o proceso de reforzamento do poder real fronte a nobreza: a monarquía autoritaria.

Coñecer os trazos da monarquía dos RR.CC.

Coñecer os trazos do Humanismo e identificar ós seus máximos representantes.

Recoñecer os trazos do Renacemento e identificar ós principais artistas e ás súas obras.

Entender as consecuencias que a conquista e colonización de América tivo para España e para os pobos americanos.

Coñecer os trazos da monarquía dos Austrias e a situación económica e social de España no séculos XVI e XVII.

Identificar os trazos políticos, económicos e sociais da Europa do século XVII.

Recoñecer os trazos da arte do Barroco e identificar ós artistas e obras máis representativas.

Identificar os países europeos e as súas capitais.

Identificar as comunidades autónomas e provincias españolas. Coñecer as capitais autonómicas.

Identificar os grandes países de América, Asia e África.

Identificar os principais accidentes xeográficos de Europa, América, Asia e África. E máis polo miúdo de España e de Galicia.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA APROBAR

Expresase por escrito con corrección formal (limpeza, marxes, sangrados...), gramatical, ortográfica e léxica.

Coñece e manexa o vocabulario básico de Historia..

Extrae información de diversos gráficos, textos, fotografías... relaciónaa e complétaa cos seus coñecementos sobre o tema.

Establece eixe cronolóxicos e/ou ordena cronoloxicamente os feitos históricos.

Relaciona os feitos históricos co seu tempo e cos personaxes correspondes.

Recoñece as características sociais, demográficas, económicas, culturais e políticas da Idade Moderna.

Identifica os trazos da monarquía autoritaria e da monarquía absoluta.

Coñece os trazos do reinado dos reis Católicos e dos Austrias.

Coñece as características do Humanismo e do Renacemento.

Recoñece os trazos renacentistas nunha obra artística deste período, identifícaa e relaciónaa co seu autor.

Coñece as causas e consecuencias da conquista de América.

Coñece os conflitos relixiosos de Europa e os trazos principais da reforma protestante e da contrarreforma católica.

Recoñece as características do Barroco nunha obra artística deste estilo, identifícaa e relaciónaa co seu autor.

Identifica os grandes accidentes xeográficos mundiais, os grandes países de África, Asia e América, os países europeos coas súas capitais e as comunidades e provincias españolas.

1.